

TEMA 14.- A ARQUITECTURA DO XX - COMENTARIOS ARQUITECTURA RACIONALISTA. LE CORBUSIER: VILA SAVOIA

a.- Identifica a obra, sinalando, se procede, cultura/ estilo/ movemento; cronoloxía; título; autor: Vila Savoia. Movemento Moderno ou funcionalismo. Arquitectura racionalista ou Estilo Internacional francés. Casa de campo para Madame Savoia e o seu fillo, situada nas proximidades de París e construída entre 1929 e 1931 por Le Corbusier. Materiais: formigón, vidro e aceiro.

c.- Analiza e comenta a obra:

Arquitectura racionalista ou Estilo internacional (poñer en Mies van der Rohe)

A arquitectura racionalista recibe tamén o nome de Estilo Internacional porque os arquitectos querían implantar unha forma universal de construír. Triúna a racionalidade, a simplicidade, as formas cúbicas (os edificios parecen caixas con teitos alintelados e muros rectos). Os espazos internos sepáranse por medio de tabiques que se poden mover libremente e as plantas son libres.

Le Corbusier é un arquitecto de orixe suíza pero traballa en Francia. É un teórico da arquitectura, autor de libros como *“Cara a unha arquitectura”*, *“Unha casa, un palacio”*, nos que expón ideas sobre como debe ser a construción ideal (volumes simples, formas cúbicas, claras e puras). Foi un grande urbanista: fixo varios proxectos da “cidade ideal”, deseñada en función das necesidades da vida moderna: dividida en sectores, alternando zonas de residencia, comerciais e industriais, e grandes áreas para zonas verdes e lugares de recreo; é partidario dos edificios en altura pero sen superpoñer demasiados pisos. Estas ideas levounas á práctica na Unidade de habitación en Marsella.

O racionalismo de Le Corbusier está moi ligado á Grecia clásica (sentía unha grande admiración polo Partenón): proporcións e volumes simples, construción humanista: a partir das medidas humanas establece as dimensións do edificio seguindo un sistema de proporcións que chama Modulo.

A Vila Savoia presenta as seguintes características:

- Planta cadrada (simple e racional) e libre (espazos internos distribuídos de acordo coa función).
- Exterior: aspecto de cubo, levántase sobre pilotos (columnas de formigón) que a separan do chan. Reduce as formas arquitectónicas á esencia: cadrado en superficie e cubo




e cilindro en volume (semella unha obra cubista).

- En 1925 publica os “*Cinco puntos para unha nova arquitectura*” (base de boa parte da arquitectura do XX), recollidos na Casa Savoia:

1º. Construción sobre pilotes: a casa queda illada do chan, evita a humidade, permite que

sexa unha unidade autónoma e as vistas afastadas sobre o horizonte. Entre os pilotes sitúa o garaxe.



2º. Planta libre.

3º. Fachada libre: deséñase en función das necesidades que teña cada piso ou habitación; non hai unha fachada principal; carece de elementos decorativos.

4º. Ventás lonxitudinais: uniformizan a entrada de luz. As ventás amplas permiten que o espazo exterior (natural) se integre no interior (artificial).




5º. Azotea con terraza-xardín (invención de Le Corbusier): o tellado é substituído por unha terraza que se destina a xardín, solarium e piscina.

- Uso exclusivo da cor branca.

- Rampla interior que percorre a vivenda desde os pilotes ata a terraza (leva á unidade da construción).

lotes ata a terraza (leva á unidade da construción).



- Interior: habitacións ao mesmo tempo pechadas (separadas por tabiques) e abertas (tabiques acristalados e corredizos). Dentro da casa seguimos en comunicación co exterior (por todas partes pode verse o ceo e o terreo circundante), pero se goza dunha completa intimidade (ningún observador situado ao nivel do chan pode ver o interior).

- Le Corbusier era un apaixonado das máquinas (modernos coches e avións) pola perfección, polas súas formas simples (racionalis) e porque están deseñadas de acordo coa función: as casas debían deseñarse como máquinas, chámalles “máquinas para vivir” (esta frase hai que entendela como unha admiración pola perfección das máquinas, non como un desexo de vida mecanizada).

- Hoxe en día é habitual ver edificios con grandes ventás lonxitudinais ou levantados sobre pilotes de formigón que liberan as zonas baixas para lugares de recreo, aparcadoiros ou locais comerciais: son a grande contribución de Le Corbusier á arquitectura.